



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, SECRETARIO XERAL DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

**C E R T I F I C O:** que o Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día **25 de outubro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

**AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE DE DONA MÓNICA LEGASPI DÍAZ  
PARA O EXERCICIO DE DOCENCIA UNIVERSITARIA.-**

Trala deliberación previa, a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a dona Mónica Legaspi Díaz, interventora xeral desta Deputación Provincial, para o desempeño dun posto de profesora asociada HX1028, dedicación P6 ao servizo da Universidade de Santiago de Compostela, consonte coas seguintes condicións:
  - a) A xornada e o horario de traballo na Deputación Provincial deberá cumprirse e respectarse en todo momento.
  - b) A contía das remuneracións percibidas polo segundo posto non poderá exceder do 30% das retribucións do posto principal.
  - c) Autorízase expresamente que o importe conxunto das retribucións percibidas por ambos postos exceda o límite establecido no artigo 7.1 da Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, baseándose nas razóns de especial interese para o servizo.
  - d) O réxime de dedicación ao posto de profesora asociada será o previsto na cláusula xeral 1ª do contrato de 10 de novembro de 2003, obxecto de prórroga ao que se refire a autorización.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o vinte e cinco de outubro de dous mil trece.

V. e pr.

O PRESIDENTE,